


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

16-17 de agosto do 2025

XX SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A actitude cristián de estar vixiantes e atentos da que nos falou o Evanxeo da semana pasada ten coma consecuencia non poder conformarse con algunha das situacións coas que nos atopamos a diario.

Non podemos mirar para outro lado, non podemos calar e pasar, tampouco podemos conformarnos e deixar as cousas como están.

Hoxe Xesús vai dicir: “non vin traer paz, senón guerra e división”.

Se queremos ser cristiáns de verdade, temos que dar testemuño da nosa fe, aínda que as veces non guste o que dicimos e facemos, como non gustaba aos seus contemporáneos o que dicía e facía Xesús. A fe esixe loita.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos renovar o noso camiñar pola vida da fe e facémolo esforzándonos por compartir coas persoas que queren loitar pola paz, por iso temos que pedir perdón polas nosas actitudes cómodas en tantas situacións:*

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón, Pai, porque mentres que Ti nos falas de entrega e valentía, nós buscamos excusas para seguir na comodidade. Señor, énchenos do teu amor
- ✓ Pedimos perdón, Cristo, porque mentres Ti nos invitas á coraxe e ao esforzo, nós seguimos calados e quietos como se nada malo pasara ao noso arredor. Cristo, énchenos do teu amor
- ✓ Pedimos perdón, Espírito Santo, por non deixarnos levar pola túa forza, e todo nos dá igual, e parece que nada pode cambiar e mellorar. Espírito Santo, énchenos do teu amor

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa de verdade. Rezamos coas familias de Palestina ás que non se lle deixa ter o suficiente para comer. Rezamos tamén coa natureza avergonzados polo maltrato continuado ao que a estamos a someter.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti, que preparaches bens invisibles para aqueles que te aman, enche os nosos corazóns co teu amor e a túa paz.

Fai que, amándote a ti en todo e sobre todo, academos as túas promesas que superan todo desexo.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Xesús non lle convencen as cousas a medias, el esixe radicalidade. El propón non ter medo a dar exemplo, aínda que iso implique complicarse a vida.*

Hoxe ser cristián de verdade non é fácil, pero dende logo cremos que vale a pena. O fácil é facer da fe rutina, o fácil é acomodarse, pero Xesús esixe implicarse. Escoitamos.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Xa que nos vemos cercados arredor por unha tal nube de testemuñas, deixando enteiramente a un lado todo o que nos estorba e o pecado que tan facilmente se nos apega, corramos con aguante a carreira que temos por diante, cos ollos postos en Xesús, o primeiro guía que leva á perfección a nosa fe.

Porque el, sen lles dar importancia ás aldraxes, soportou a cruz por mor da ledicia que o agardaba e desde entón está sentado á dereita do trono de Deus. Meditade, polo tanto, naquel que veu soportando tal oposición contra si mesmo de parte dos pecadores para non esmorecerdes nin cansardes.

Aínda non resististes ata o sangue na vosa loita contra o pecado.

Palabra do Señor

🎵 *Na tardiña baixa da vida* *SALMO*




PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

- ¡Lume vin traer á terra: e que máis quería eu ca que xa estivese a arder! Hanme bautizar cun bautismo e ¡xa me tarda a hora de que se cumpra! Pensades que vin traer a paz á terra? Abofé que non: vin traer división. Pois desde agora na casa onde haxa cinco, estarán divididos tres contra dous e dous contra tres. Estarán enfrontados pai con fillo e fillo con pai, nai con filla e filla con nai, sogra con nora e nora con sogra.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para
acoller a palabra no corazón





Que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

Di Xesús: “NON VIN TRAER PAZ”

O EVANXEO NON É CÓMODO, ESIXE COMPROMISO

Compromiso coherente como persoas porque hai xente que necesita dunha man no camiño para vivir en paz e non perderse na violencia.

Compromiso coherente como cristiáns porque só os feitos nos fan cribles. A fe só de palabras é unha fe morta.

Compromiso coherente coma veciño e veciña porque todos somos necesarios para facer parroquia, e non podemos deixar que campe ás súas anchas o individualismo como forma de vida.

Compromiso coherente coma humanidade porque non podemos permitirnollos deixarlle ás xeracións vindeiras unha terra queimada e esquilhada.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Proclamar agora a fe é manifestar que damos credibilidade á Palabra de Deus que acabamos de escoitar e que a imos a poñer en práctica

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Monitor/a:

Crede en Deus Pai,

que ama a todos sen diferenza e que desexa un mundo no que todas as persoas sexan tratadas con xustiza, e poidan vivir en paz?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós, non comodidades e rutinas, senón compromisos de evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a colaborar a prol de tantas persoas esquecidas na pobreza, na fame, na guerra, na violencia?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos esforzos, para sermos persoas comprometidas e sen medos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Celebrante: *Co bo exemplo das palabras e dos feitos de Xesús queremos ser coherentes, sabendo que o evanxeo esíxenos compromiso. Digamos:*

Na túa paz medramos, Señor

Monitor/a:

- ✓ Pedimos pola Igrexa, para que sexamos no medio do mundo a voz do Deus que non quere calar ante o moito que pasa hoxe. Recemos
- ✓ Pedimos polas nosas comunidades parroquiais de Os Cotos, para que sintamos noso o compromiso cristián de traballar pola paz, pola xustiza e pola irmandade. Recemos
- ✓ Pedimos por todos nós para que sempre sexamos persoas pacíficas e pacificadoras traballando xuntos polo ben común. Recemos
- ✓ Pedimos pola xente nova para que coa forza da súa vida sexan esperanza para unha igrexa e unha humanidade mellor. Recemos
- ✓ Doéndonos con Deus, pedimos polas aldeas e pobos que sufrimos as consecuencias duns lumes tan mal intencionados, e que non podemos entender. Recemos

Celebrante: *Señor, nestas pregarias poñemos corazón. Axúdanos a ser comunidade responsable e atenta á vida. Por Cristo, Noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Con total liberdade, comprometéndonos co Deus que é Pai, e querendo facer da paz un esforzo pola xustiza, non calamos e rezamos coma Xesús nos ensinou:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ



Celebrante: *Somos cristiáns que queremos a paz, unha paz para non quedar quietos e calados mirando para outro lado, unha paz que require esforzo e atrevemento para a loita pola xustiza. Coas nosas mans abertas expresamos o noso compromiso de compartir amizades, parroquia, fogar. Abrimos a man porque cremos que podemos compartir mellor. Facémolo escandalizados e avergonzados co maltrato que se vive en Palestina e doídos cos lumes tan mal intencionados. As nosas mans queremos que sexan para PAZ.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir a fe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús, que nos esixe romper as nosas comodidades e forma de vida, para loitar pola paz que EL veu traer ao mundo. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Non vou só ou Ti elo pan do ceo**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, por esta celebración compartida fasnos participar na vida de Cristo. Que a túa bondade nos faga semellantes a El na terra, para que poidamos participar da súa paz no ceo.

Acudimos a Ti, noso Pai, por que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Xesús nin cala nin se acovarda, El loita pola paz e a xustiza.

Temos por diante unha semana máis na que poderemos demostrar con feitos a loita por facernos cribles no exemplo que nos dá Xesús no evanxeo.

Ser testemuña e discípulo de Xesús é tratar de facer e vivir coma El, loitando sen medos por un mundo mellor.



“Pensades que vin traer paz e comodidade?

Non.

Vin traer esixencia e compromiso”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

***Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus***